

Cuestión teórica nº 10

A configuración do imperio español no século XVI (a herdanza de Carlos I, os cambios en tempos de Felipe II: rebelión de Flandes, incorporación de Portugal, guerra contra Inglaterra).

Nesta pregunta o alumnado deberá explicar a herdanza que recibiu Carlos I de súa nai, Xoana de Castela, e de seu pai, Filipe o Feroso, para posteriormente comentar os cambios que sufriu ese conglomerado territorial na segunda metade do século: o reparto de posesións tras a súa abdicación entre o seu fillo Filipe e o seu irmán Fernando; a incorporación de Portugal e das súas posesións á monarquía de Filipe II; e a rebelión de Flandes, que contou co apoio inglés e foi un dos elementos que daría lugar á guerra contra Inglaterra.

A resposta básica debe incidir nas seguintes cuestións:

- A herdanza de Carlos I: territorios heredados pola súa nai, Xoana (coroas de Castela e Aragón e as súas posesións), e polo seu pai, Filipe (territorios das Casas de Borgoña e de Austria e dereitos imperiais).
- O fin do reinado e o reparto de posesións: abdicación no seu fillo Filipe e cesións ao seu irmán Fernando.
- O imperio de Felipe II: a incorporación de Portugal e as súas posesións á coroa de Castela.
- A rebelión de Flandes. O apoio inglés aos rebeldes e a guerra contra Inglaterra.

Para ter cualificación de notable ademais de facer referencia ás cuestións básicas, debe explicar cunha certa profundidade polo menos unha delas. Para sobresaliente, ademais de facer referencia ás cuestións básicas, debe afondar nunha ou explicar con certa profundidade polo menos dúas delas.

Á morte de Isabel no 1504, herdou a Coroa de Castela a súa filla **Xoana**, casada con **Filipe de Borgoña**, que foi rei de Castela co nome de **Filipe I**. O seu fillo primoxénito **Carlos I**, nado en Gante (Bélxica) en 1500, herda en 1516 a Coroa de Castela, logo da prematura morte do seu pai e a enfermidade mental da súa nai, e a coroa de Aragón, tras a morte do seu avó Fernando o Católico. Pouco despois, en 1519, finou o seu avó o emperador Maximiliano e Carlos foi elixido por unanimidade emperador co nome de **Carlos V de Alemaña**.

Con Carlos I de España e V de Alemaña comezou a **dinastía da casa dos Austria ou dos Habsburgo**, que reinou ata 1700. **A súa herdanza era inmensa: da súa avoa materna Isabel** a Coroa de Castela, cos territorios de Navarra e América; do seu avó materno Fernando a Coroa de Aragón, cos territorios de Nápoles, Sicilia, Sardeña, Rosellón e a Cerdeña; do seu avó paterno Maximiliano de Habsburgo o arquiducado de Austria e os dereitos ao título imperial alemán; e da súa avoa paterna María de Borgoña os dominios dos Países Baixos, o Franco Condado e Luxemburgo.

A monarquía dos Austria, herdeira dos Reis Católicos, **nunca foi un estado unitario**. A Coroa era o punto de **unión dos diversos reinos** que seguían conservando as súas leis, institucións, usos e costumes civís. En calquera caso, **a preeminencia tívoo sempre Castela, á que se incorporaron Navarra e os dominios de América**.

O modelo dos primeiros Austrias era o da **monarquía autoritaria**, forxada cos Reis Católicos, aínda que ao longo dos séculos XVI e XVII evolucionou cara a formas máis absolutas. Neste proceso houbo **grandes diferenzas** entre a Coroa de Castela e a de Aragón. En **Castela**, o peso do poder do monarca foi maior; pola contra, nos territorios da **Coroa de Aragón** houbo máis resistencia para manter foros e privilexios. Nisto tivo que ver o feito de que, a partir de Carlos I, os reis residiron sempre en Castela.

Carlos I herdou o título de emperador nunhas circunstancias sumamente difíciles. Acabábase de producir a **rebelión relixiosa e política dos protestantes** en Europa central, **Francia aspiraba ao dominio de Italia** e no Mediterráneo aparecía cada vez máis ameazadora a **expansión do Imperio turco**. Carlos I entendeu que tiña unha gran misión histórica: o **mantemento dunha monarquía cristiá e universal**, cuxa xefatura espiritual exercía o Papa, fronte a ameaza dos protestantes, dos turcos e de Francia. Para defender a súa idea de Imperio o monarca viuse envolto en continuas guerras e prestoulle máis atención á súa función como emperador que como rei español.

En 1556 o emperador abdicou no seu fillo Filipe a quen lle cedeu a Coroa e todos os seus territorios, agás os dominios do Arquiducado de Austria e os dereitos ao título imperial, cedidos ao seu irmán Fernando. Dende entón, a rama austríaca dos Habsburgo exerceu o título imperial.

Diferenciándose do seu pai, **Filipe II (1556-1598) foi un monarca dedicado ás cuestións do seu reino**. El, persoalmente, resolvía todos os asuntos co auxilio dos seus secretarios. As súas viaxes foron escasas: non abandonou practicamente nunca a Península e estableceu a **capital en Madrid** en 1561. Filipe II mantivo o **ideal de defensa do catolicismo** e, xa que logo, a política e os inimigos en Europa do seu pai Carlos I. Ademais, Filipe **incorporou Portugal** á Coroa en 1580 facendo valer os seus dereitos como fillo de Isabel de Portugal.

A **ruptura da unidade católica**, como consecuencia da reforma relixiosa denominada protestante, foi o principal problema da monarquía de Carlos I. O freire agostiño de orixe alemá, **Martiño Lutero**, pedira a reforma da Igrexa nas **95 teses**, onde criticaba algunha das súas prácticas. Para lle facer fronte ao problema convocouse a **Dieta de Worms** en 1521, que presidiu o emperador e na que se lle pediu a Lutero a súa retractación, pero este negouse e púxose baixo a protección de Federico de Saxonia. Ao pouco tempo, o protestantismo foi adoptado por diversos príncipes alemáns e en Flandres. Tamén a Inglaterra de Henrique VIII se separou da obediencia do Papa.

Carlos I, como defensor da Igrexa, enfrontouse ao protestantismo en dous ámbitos: o político-militar e o relixioso. O emperador derrotou a liga dos príncipes protestantes na **batalla de Mühlberg** en 1547, pero non deu acabado co problema. O papa Paulo III convocou en 1545 o **Concilio de Trento** (Italia), onde os teólogos españois contribuíron á

reacción católica fronte ao protestantismo. Ao fin chegouse á **Paz de Augsburgo** en 1555, na que os protestantes conseguiron que cada príncipe puidese escoller a relixión dos seus Estados.

Carlos I e Francisco I de Francia enfrontáronse polo dominio dos reinos e ducados de Italia, fundamentalmente o Milanesado, e o control dos territorios de Flandres e Borgoña. Nunha primeira fase, as tropas de Carlos I gañaron a **batalla de Pavía** en 1525. Máis tarde, a actitude profrancesa do Papa levou ao **saqueo de Roma** en 1527 polas tropas do emperador. Durante o reinado de Filipe II, os conflitos con Francia continuaron ata que se produciu a vitoria dos terzos españois en **San Quintín** en 1557 e a sinatura da **Paz de Cateau-Cambresis** en 1559. Nas guerras de relixión que se produciron en Francia, Filipe II apoiou aos católicos fronte os hugonotes (protestantes calvinistas). En 1593, Henrique IV, en orixe hugonote, converteuse ao catolicismo e España e Francia asinaron a **Paz de Vervins** en 1598.

Inglaterra fora, desde o reinado dos Reis Católicos, aliada da Coroa española fronte a Francia. Pero a raíña **Isabel I**, en 1558, de relixión anglicana, apoiou os protestantes de Flandres e protexeu os corsarios Hawkins e Drake, que atacaban os barcos españois. Filipe II decidiu enfrontarse a Inglaterra e preparou unha gran flota para atacala (a **Armada Invencible**). A expedición foi un desastre e a Invencible regresou decimada e vencida en 1588.

O **Imperio otomán** era unha gran potencia no Mediterráneo oriental desde a ocupación, en 1452, de Constantinopla (Istambul). No mar, os turcos practicaban a piratería para obteren botíns e, sobre todo, escravos. Para dominalos, Carlos I lanzou con éxito un ataque contra Tunisia en 1535, pero fracasou na conquista de Alxer en 1541. Durante o reinado de Filipe II, que coincidiu co máximo esplendor turco baixo **Solimán o Magnífico**, os otománs ameazaron todo o Mediterráneo ao apoderárense de Chipre e Tunisia. Ante iso, coaligáronse a monarquía hispánica, Venecia e o Papado na **Santa Liga** e armaron unha grande escuadra. O enfrontamento tivo lugar no golfo de **Lepanto** en 1571, cunha gran vitoria cristiá. Isto afastou o problema turco do mediterráneo occidental durante anos.

A guerra nos Países Baixos foi o maior problema de Filipe II. Orixinouse polo descontento ante os fortes impostos, polo xurdimento dun sentimento nacionalista e polo conflito relixioso, ao estenderse o calvinismo na zona norte. **A primeira rebelión produciuse na rexión de Flandres en 1566**, e contou co apoio de Francia e Inglaterra, desexosas de minar o poder da Coroa española. Á fronte dos rebeldes estiveron os condes de Horn e de Egmont e, despois, Guillerme de Nassau, príncipe de Orange. Filipe II enviou os terzos cos seus mellores xenerais, o duque de Alba, Luís de Requesens, Xoán de Austria e Alexandre Farnesio, que exerceron unha dura represión.

Finalmente, en 1579, **o sur dos Países Baixos, católico, aceptou a obediencia a Filipe II, pero o norte, as futuras Provincias Unidas de Holanda, maioritariamente calvinistas, continuaron a loita pola independencia.** A rebelión nunca foi controlada e Filipe II acabou designando a súa filla **Isabel Clara Uxía**, gobernadora con dereito a sucesión. Pero ao non ter esta descendencia, os Países Baixos reverteron á Coroa española no século XVII, e reabriuse o conflito.